

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16172 *Real decreto lei 15/2011, do 14 de outubro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe de 4.221.162.023,96 euros, para atender obrigas do Ministerio de Traballo e Inmigración e doutros departamentos ministeriais.*

Este real decreto lei ten como finalidade proceder á concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Traballo e Inmigración e doutros departamentos ministeriais, para atender a cobertura de obrigas exixibles da Administración xeral do Estado, polas causas que se detallan a seguir.

1. *Suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Traballo e Inmigración por importe de 3.729.690.714 euros*

A taxa de paro prevista para os exercicios 2009 e 2010 en termos da Enquisa de poboación activa determinouse nun 10,50 por cento e nun 17,45 por cento, respectivamente. Porén, a taxa de paro real en termos da citada Enquisa de poboación activa que se alcanzou en 2009 foi do 18,01 por cento e en 2010, do 20,05 por cento. Esta situación ocasionou a existencia de 2.263.770.864,87 euros de gastos por prestacións pendentes de imputar ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal a finais do ano 2010. Non obstante, este organismo imputou ao exercicio 2011 a cantidade de 344.407.862,77 euros, ao existir saldo suficiente para isto, polo que o importe das obrigas pendentes de imputar ao orzamento na data actual ascende a 1.919.363.002,10 euros.

Así mesmo, para o exercicio 2011 estimouse que a media mensual de persoas beneficiarias da renda activa de inserción sería de 131.000, mentres que coa información existente no período de xaneiro a agosto do presente exercicio se considera que en realidade se alcanzarán as 180.000 persoas beneficiarias en media mensual, polo que ao finalizar o ano se producirán maiores gastos dos inicialmente previstos para cubrir esta prestación por importe de 162.137.216,30 euros.

Por outro lado, debido principalmente á menor recadación de ingresos respecto á inicialmente prevista no exercicio 2010, xeráronse débedas no Servizo Público de Emprego Estatal por importe de 1.648.190.495,60 euros, que teñen o seu reflexo no remanente de tesouraría negativo que o mencionado organismo tiña ao finalizar o exercicio 2010, as cales deben ser satisfeitas no exercicio 2011.

Por todo isto, cómpre un suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Traballo e Inmigración por contía de 3.729.690.714 euros con destino ao Servizo Público de Emprego Estatal.

As obrigas a cuxa cobertura atende o suplemento de crédito, con excepción das correspondentes á renda activa de inserción do exercicio 2011 por importe de 162.137.216,30 euros, xa foron computadas no déficit de exercicios anteriores, polo que en termos de administracións públicas o resto do suplemento de crédito, por importe de 3.567.553.497,70 euros, non ten incidencia no déficit de 2011.

2. *Suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Defensa por importe de 86.348.105,68 euros*

O Consello de Ministros, na súa reunión do 24 de xuño de 2011, acordou prorrogar a participación das Forzas Armadas Españolas nas operacións para a resolución da crise de Libia, en aplicación das resolucións 1970 (2011) e 1973 (2011) do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, ata que finalice a operación «Unified Protection» da OTAN, que ten como obxectivos a fin de toda violencia e dos ataques contra civís, a

retirada das forzas militares de todas as cidades ocupadas ou asediadas e o acceso seguro e garantido de axuda humanitaria a todo o territorio libio.

Os gastos orixinados pola participación das forzas españolas na citada misión requiren a concesión de suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Defensa por importe de 86.348.105,68 euros.

3. *Suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Fomento por importe de 124.100.000 euros*

Axudas aos beneficiarios da renda básica de emancipación.

O recoñecemento do dereito á axuda da renda básica de emancipación, regulada polo Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, orixinou a aparición de novas necesidades no exercicio 2011 para afrontar os pagamentos que derivan das resolucións que recoñecen o dereito ás ditas axudas.

Mentres a axuda continúe vixente, estímase unha cifra media de incorporacións de 99.600 novos beneficiarios que acrediten os requisitos previstos no artigo 3 do Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, para o cobramento da axuda durante o exercicio 2011, aos cales o Estado ten a obriga de aboar as axudas recoñecidas.

As necesidades de crédito para atender o pagamento das axudas aos beneficiarios da renda básica de emancipación no presente exercicio ascende a 46.100.000 euros.

Subsidiación de xuros de préstamos dos plans estatais de vivenda.

A subscrición de xuros de préstamos constitúe unha das axudas económicas dos plans estatais de vivenda que as entidades financeiras, en cumprimento dos convenios asinados co Ministerio de Fomento, adiantan aos beneficiarios, importe que facturarán posteriormente á Administración xeral do Estado, polo que o seu aboamento implica facer fronte a compromisos xa adquiridos polo Estado.

A dotación orzamentaria asignada en 2011 non permite atender na súa totalidade os pagamentos correspondentes ao último trimestre do exercicio 2010 e os tres primeiros trimestres do exercicio 2011, polo que as necesidades de crédito se sitúan en 78.000.000 euros.

4. *Crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Educación por importe de 20.882.460,57 euros*

O crédito extraordinario ten como finalidade atender o pagamento das obrigas pendentes coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social non prescritas, derivadas de actas inspectoras.

As citadas actas proveñen de actuacións inspectoras levadas a cabo pola Inspección de Traballo e Seguridade Social derivadas dunha resolución xudicial individualizada, cuxa orixe maioritariamente se encontra en sentenzas que declaran a procedencia da inclusión dos profesores de relixión no réxime xeral da Seguridade Social desde o momento de inicio da prestación dos seus servizos.

Así mesmo, cómpre atender as obrigas que derivan de actas de liquidación instrumentadas pola actuación inspectora que cualificaba a prestación de servizos dos profesores de relixión co Ministerio de Educación como laboral e constata a falta de alta e de cotización ao réxime xeral da Seguridade Social.

O importe das obrigas que se debe satisfacer ascende a 20.882.460,57 euros.

5. *Créditos extraordinarios e suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade por importe de 260.140.743,71 euros*

Cumprimento de sentenzas por colaboración na prestación de asistencia sanitaria.

Encóntranse pendentes de aboamento sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid así como da Audiencia Nacional que condenan a Administración ao pagamento das compensacións económicas que se debe satisfacer a determinadas empresas en concepto de colaboración na prestación de asistencia sanitaria aos seus traballadores.

O importe das sentenzas pendentes de atender elévase a 57.948.022,60 euros.

Cobertura do nivel mínimo de protección garantido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Por outra parte, debe atenderse a cobertura do nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado ás comunidades autónomas en aplicación do establecido na lei anteriormente citada.

O importe das obrigas que se debe satisfacer ascende a 202.192.721,11 euros.

6. *Financiamento dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito*

As necesidades a cuxa cobertura atenden os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se aproban neste real decreto lei constitúen obrigas exixibles da Administración xeral do Estado, aínda que o saldo actual do Fondo de continxencia de execución orzamentaria non permite o seu financiamento con cargo a este. Por tanto, exceptúase a aplicación do disposto no artigo 16 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, e nos artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, financiándose todos os créditos extraordinarios e suplementos de crédito con débeda pública.

A cobertura orzamentaria da maior parte das obrigas que se atenden mediante este real decreto lei –isto é, a relativa ao pagamento á Seguridade Social das obrigas que o Servizo Público de Emprego Estatal ten contraídas coa dita entidade e as obrigas desa natureza non aplicadas ao orzamento en exercicios anteriores– lévase a cabo mediante un suplemento de crédito que non ten incidencia no déficit das administracións públicas, dado que as ditas obrigas xa foron computadas en exercicios anteriores.

A exixencia de atender o pagamento de obrigas que ineludiblemente debe satisfacer a Administración xeral do Estado e a necesidade de non demorar o seu aboamento para non causar prexuízos a terceiros afectados, constitúen as razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito mediante real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos e Ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Trabajo e Inmigración.*

Autorízase un suplemento de crédito ao orzamento da sección 19 «Ministerio de Trabajo e Inmigración», servizo 03 «Secretaría Xeral de Emprego», programa 000X «Transferencias internas», capítulo 4 «Transferencias correntes», concepto 412 «Para financiar o orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal», por un importe de 3.729.690.714 euros.

Este suplemento de crédito ten como finalidade proceder á regularización do remanente de tesouraría do Servizo Público de Emprego Estatal en 31 de decembro de 2010, aplicar a orzamento e regularizar o pagamento de obrigas de exercicios anteriores e atender as necesidades do presente exercicio na renda activa de inserción.

Para financiar e regularizar estas obrigas, concédense suplementos de crédito no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal nos termos que se recollen a seguir:

Orzamento de ingresos

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
19.101.400.02	Para financiar o orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal	3.729.690.714,00
19.101.870	Remanente de tesouraría	-1.648.190.495,60
Total		2.081.500.218,40

O exceso de financiamento do Servizo Público de Emprego Estatal non aplicado á cobertura dos suplementos de crédito destinarase ao pagamento das obrigas pendentes en 31 de decembro de 2010 que figuren computadas no remanente de tesouraría do organismo, pechado á data sinalada.

Orzamento de gastos

Autorízanse suplementos de crédito por importe de 2.081.500.218,40 euros co seguinte detalle:

1. Na aplicación 19.101.251M.480.01 «Subsidio por desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores», por importe de 1.650.714.231,27 euros.
2. Na aplicación 19.101.251M.480.02 «Subsidio por desemprego para eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social, mesmo obrigas de exercicios anteriores», por importe de 229.528,25 euros.
3. Na aplicación 19.101.251M.487.01 «Cotas de beneficiarios do subsidio de desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores», por importe de 34.196.114,81 euros.
4. Na aplicación 19.101.251M.488 «Renda activa de inserción» por importe de 396.360.344,07 euros. Da dita cantidade, 234.223.127,77 euros destinaranse a cubrir a aplicación do orzamento de obrigas de exercicios anteriores e o resto, 162.137.216,30 euros, á cobertura de obrigas do exercicio 2011.

Artigo 2. *Concesión de suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Defensa.*

Para atender a cobertura dos gastos ocasionados pola participación das Forzas Armadas no marco da crise de Libia, durante o período comprendido entre o 27 de xuño e o 31 de decembro de 2011, concédense suplementos de crédito no orzamento da sección 14 «Ministerio de Defensa», servizo 03 «Secretaría de Estado da Defensa», programa 122M «Gastos operativos das Forzas Armadas», por importe total de 86.348.105,68 euros, nos conceptos e contías que se recollen a seguir:

Concepto 128 «Gastos orixinados pola participación das Forzas Armadas en operacións de mantemento da paz», por importe de 6.840.622,73 euros.

Concepto 228 «Gastos orixinados pola participación das Forzas Armadas en operacións de mantemento da paz», por importe de 25.181.957,57 euros.

Concepto 668 «Gastos orixinados pola participación das Forzas Armadas en operacións de mantemento da paz», por importe de 54.325.525,38 euros.

Artigo 3. *Concesión de suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Fomento.*

Para atender a cobertura dos gastos derivados da subscrición de préstamos dos plans estatais de vivenda, concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», servizo 09 «Dirección Xeral de Arquitectura e Política de Vivenda», programa 261N «Promoción, administración e axudas para rehabilitación e

acceso a vivenda», capítulo 7 «Transferencias de capital», concepto 782 «Axudas para renda básica de emancipación de mozos, subscrición de préstamos e outros apoios á vivenda», subconcepto 01 «Subscrición de préstamos» por importe de 78.000.000 euros.

Para atender o pagamento das axudas aos beneficiarios da renda básica de emancipación, concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», servizo 09 «Dirección Xeral de Arquitectura e Política de Vivenda», programa 261N «Promoción, administración e axudas para rehabilitación e acceso a vivenda», capítulo 7 «Transferencias de capital», concepto 782 «Axudas para renda básica de emancipación de mozos, subscrición de préstamos e outros apoios á vivenda», subconcepto 02 «Renda básica de emancipación», por importe de 46.100.000 euros.

Artigo 4. Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Educación.

Para atender o pagamento de cotas á Seguridade Social correspondente a exercicios anteriores concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 18 «Ministerio de Educación», servizo 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais», programa 322A «Educación infantil e primaria», capítulo 1 «Gastos de persoal», concepto 160 «Cotas sociais», subconcepto 04 «Seguridade Social. Obrigas de exercicios anteriores», por importe de 20.882.460,57 euros.

Artigo 5. Concesión de créditos extraordinarios e suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

1. Para atender as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid e da Audiencia Nacional condenatorias ao pagamento de compensacións económicas en concepto de colaboración na asistencia sanitaria prestada por entidades colaboradoras, autorízanse créditos extraordinarios no orzamento da sección 26 «Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade», servizo 12 «Dirección Xeral de Ordenación Profesional, Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección», programa 311O «Cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde», capítulo 4 «Transferencias correntes», por importe de 57.948.022,60 euros, nos conceptos e contías que se recollen a seguir:

Concepto 441.06 «Para o pagamento de sentenzas relativas á colaboración en asistencia sanitaria». «Sentenza da Audiencia Nacional, do 17 de xuño de 2009, relativa a compensacións económicas pola asistencia sanitaria prestada pola Corporación Radiotelevisión Española, S.A.» por importe de 1.069.787,39 euros.

Concepto 471.12 «Para o pagamento de sentenzas relativas á colaboración en asistencia sanitaria». «Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, do 9 de xuño de 2008, relativa a compensacións económicas pola asistencia sanitaria prestada por Lagun Aro, Entidad de Previsión Social Voluntaria», por importe de 55.789.310,80 euros.

Concepto 471.13 «Para o pagamento de sentenzas relativas á colaboración en asistencia sanitaria». «Sentenza da Audiencia Nacional, do 28 de abril de 2010, relativa a compensacións económicas por asistencia sanitaria prestada por Altaris e Compañía de Distribución Integral Logista, S.A.», por importe de 1.088.924,41 euros.

2. Para atender obrigas relativas ao nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado ás comunidades autónomas segundo o establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, autorízase un suplemento de crédito no orzamento da sección 26 «Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade», servizo 15 «Secretaría Xeral de Política Social e Consumo», programa 000X «Transferencias internas», concepto 427 «Ao Imserso para mínimo garantido en dependencia», por importe 202.192.721,11 euros.

Artigo 6. *Financiamento dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito.*

1. Non resulta de aplicación aos créditos extraordinarios e suplementos de crédito contidos no presente real decreto lei o disposto no artigo 16 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, e nos artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Todos os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se conceden por medio deste real decreto lei no orzamento do Estado se financiarán con débeda pública.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO